

POSTA EN FUNCIONAMIENTO DOS NOVOS MULTIPLEX

Ampliación da cobertura

■ A posta en funcionamento dos novos múltiplex de TDT dentro do plano de homoxeneización de coberturas da Xunta de Galicia, permitiu achegar a oferta completa da Televisión Dixital Terrestre a preto de 280.000 persoas que non as recibían. O inicio das emisións destes novos múltiplex forma parte do citado plan da Xunta de Galicia que, durante os meses de setembro, outubro e novembro, permitiu acender novos múltiplex en 69 centros emissores.

Este plano está cofinanciado entre a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e supuxo uns investimentos de máis de dous millóns de euros. En Galicia existen 300 centros emissores rurais de TDT que, no seu día foron financiados pola Xunta e o Ministerio de Industria, en colaboración cos concellos. O acordo permitiu ampliar a cobertura da TDT a máis do 98% da poboación. Estes centros, chamados de extensión de cobertura, só dispoñían de infraestrutura para emitir os múltiplex de TDT iniciais, pero non para os novos canais que se foron ampliando.

Para atallar a situación, a Xunta de Galicia puxo en marcha un plan de investimentos de máis de dous millóns de euros en 2011, co fin de ampliara cobertura dos 69 centros que xestiona a empresa pública de telecomunicacións Retegal, S.A. Deste xeito, ampliouse a cobertura actual dos novos múltiplex do 90 ao 96% da poboación galega, simplificando ademais os problemas de antenización nunha parte importante das comarcas de Galicia.

TECNOLOXÍA GALEGA

O acendido dos novos múltiplex nestes 69 centros fíxose entre os meses de setembro e outubro usando tecnoloxía galega, cunha importante repercusión na industria de telecomunicacións, fabricantes, instaladores e enxeñerías da comunidade. Nunha segunda fase, en función dos acordos co Ministerio de Industria,

deberá ampliarse a outros 220 centros de extensión de cobertura rural, co fin de alcanzalos obxectivos de cobertura de TDT previstos para todos os múltiplex e cadeas, do 98% da poboación de Galicia.

Destexito, os beneficiados poden disfrutar das novas canles da TDT, que se distribúen da seguinte forma:

- Canle RGE: TVE-HD, TDP (Teledeporte)

- Canle MPE1: Cuatro, Canal+Dos, LaSexta2, LaSexta3, LaSextaHD

- Canle MPE2: Boing, TelecincoHD, MTV, La 10

- Canle MPE3: Nitro, Antena3HD, MarcaTV, 13TV.

Galicia deu un paso adiante na transición á Televisión Dixital Terrestre, acadando unha cobertura de case o 99% e superando as previsións máis optimistas.

Galicia pasou de ser a última Comunidade Autónoma no grao de implantación da TDT, en xuño de 2009, a situarse nos postos de cabeza en 2010. No ano 2009, a piques de rematar a data límite para pechala Fase I do Plan Nacional, todo o traballo estaba por facer, non existía nin coordinación coas demais administracións públicas, nin planificación previa, co agravante de que o Goberno da Xunta saínte non deixou orzamento ningún para executa-los compromisos acadados co Estado.

O proceso de transición (cesamento de emisións analóxicas) completouse o 1 de febreiro de 2010 para 4 áreas técnicas (fases I e II) e o 2 de abril para as dúas áreas restantes (fase III).

- Fase I : Área técnica de Santiago (44 concellos) y Ourense-Leste (16 concellos).

- Fase II: Ares, en A Coruña (51 concellos) y Meda, en Ourense (85 concellos).

- Fase III: Páramo, en Lugo (58 concellos) y Domaio, en



En Galicia existen 300 centros emissores rurais de TDT.

Pontevedra (61 concellos).

Xunta de Galicia executou un orzamento de case 16 millóns de euros para financia-lo despregamento da TDT no rural, que se traduciu na instalación de 272 centros de extensión e 52 centros de Retegal, onde se homoxeneizaron as coberturas das cadeas nacionais, acadando a cobertura da TDT por medios terrestres para case o 99% da poboación de Galicia. ■

PLAN DE HOMEGENIZACIÓN 2011

- A Coruña: 17 (centros), 548.000 euros (investimento) e 108.450 (habitantes).
- Lugo: 29 (centros), 806.000 euros y 75.880 habitantes
- Ourense: 10 (centros), 322.000 euros y 27.100 habitantes.
- Pontevedra: 13 (centros), 419.000 euros y 69.400 habitantes.
- Total: 69 (centros) 1.995.000 euros de investimento y 280.830 habitantes



Centro emisor de TDT no alto dun monte galego.

A COBERTURA TEÓRICA SUPERA O 98,89% DA POBAOCIÓN



Actualmente en toda a comunidade hai instalados un total de 4.137 receptores de TDT-SAT.

Plataforma por vía satélite

■ Apoboación de Galicia caracterízase por unha alta dispersión xeográfica. Isto unido a orografía accidentada e a abundante vexetación fai que sexa necesaria a extensión de cobertura de TDT mediante o satélite.

Os operadores do servizo de Televisión Dixital Terrestre xunto coa Compañía da Radio e Televisión de Galicia, comezaron a difundir os canais da TDT a través da plataforma satelital, de xeito gratuíto para a poboación que reside en zonas de sombra ou en zonas onde a calidade do sinal de TDT non resulta axeitada, é dicir, algo máis do 1% da poboación de Galicia. Con este sistema, baseado na recepción vía satélite, completouse a cobertura da TDT nesta Comunidade, converténdose así nun servizo universal.

SATÉLITE

A solución TDT-SAT permite a extensión complementaria da cobertura poboacional das canles de TDT mediante o satélite, para que estas poidan chegar a zonas xeralmente illadas ou dispersas do territorio

fóra do alcance dos centros de difusión terrestre.

Segundo os últimos cálculos de cobertura teórica estímase que máis do 98,89% da poboación galega ten cobertura de TDT polo que pódese considerar que aproximadamente unhas 30.000 persoas (o que equivale a unhas dez mil vivendas) poderán acceder ao servizo de TDT por vía satélite.

A instalación de TDT-SAT é similar a unha instalación de TDT habitual (terrestre) coas seguintes diferenzas:

A SOLUCIÓN TDT-SAT PERMITE A EXTENSIÓN COMPLEMENTARIA DA COBERTURA POBLACIONAL DAS CANLES DE TDT MEDIANTE O SATÉLITE PARA PODER CHEGAR A ZONAS DE SOMBRA

- A antena é de tipo parabólica.

- O decodificador é específico para recepción de TDT por satélite (non se pode adquirir libremente en comercios, só a través de distribuidores autorizados).

SOLICITUDE

O cidadán pode realiza a solicitude da instalación a un instalador dautorizado, que se encarga de realizar todas as xestións:

- Comprobación de falta de cobertura de TDT terrestre (medidas).

- Tramitación da activación do receptor.

- Instalación (se é preciso) dun sistema de recepción satélite (antena parabólica).

O listado máis actualizado de distribuidores autorizados atópase na seguinte páxina web: <http://www.satttdt.es/ConsultaInstaladores.aspx>.

No tocante a Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia é a encargada de realizar as validacións das instalacións de TDT-SAT, comprobando que se corresponde cunha zona non

cuberta pola rede terrestre de TDT.

Actualmente en toda a comunidade galega hai instalados 4.137 receptores TDT-SAT.

A tendencia do número de instalacións de TDT-Sat e de que se mantén a demanda, reducíndose en cada mes, manténdose un mínimo de 43 instalacións, o que da a entender que aínda queda poboación que reciben en condicións desfavorables e que pouco a pouco vai aceptando a solución que supón a TDT-Sat. ■



La red gallega de TDT da servizo practicamente al cien por cien de la población.

INSTALACIONES

Distribución por provincias de los 4.137 receptores de TDT-SAT:

ACORUÑA
1.307

LUGO
1.573

OURENSE
865

PONTEVEDRA
392